

Ref.: LA2201

RESOLUCIÓN REITORAL, POLA QUE SE APROBA A RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO CONCURSO PÚBLICO PARA A ELABORACIÓN DE LISTAS DE AGARDA DE PERSOAL DOCENTE DE SUSTITUCIÓN. CURSO ACADÉMICO 2022-2023.

Consonte ao disposto na base 4 da convocatoria do concurso público para a provisión de prazas de profesorado elaboración de listas de agarda de persoal docente de substitución, convocado por esta universidade mediante Resolución do 28 de xuño de 2022 publicada no DOG do 8 de xullo.

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar e facer pública no taboleiro de anuncios electrónico da Universidade de Vigo a **relación definitiva de persoas admitidas e excluídas** (lista alfabética e lista por prazas) no concurso público para elaboración de listas de agarda de persoal docente interino da Universidade de Vigo.

Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer recurso de reposición contra esta resolución no prazo dun mes contado dende o día seguinte da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O Reitor,
Por delegación (R.R. de 22 de xuño de 2022, DOG do 6 de xullo)
O VICERREITOR DE PROFESORADO, DOCENCIA E TITULACIÓNS,
(asinado dixitalmente)

- Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da Universidade de Vigo

